

# **PLAN DE ACOLLIDA**

## **DO**

### **CEIP VILAVERDE- MOURENTE**



**CURSO 2020-2021**

## ÍNDICE DE CONTIDOS

1. ASPECTOS XERAIS DOS PLANS DE ACOLLIDA DO CENTRO .....	2
2. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO .....	4
3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PRECAUCIÓN .....	13
4. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA COMPETENCIA DIXITAL E O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADE NON PRESENCIAL .....	15
5. ATENCIÓN A ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS .....	16
ANEXO I: ACTIVIDADES PRIMEIROS DÍAS DE SETEMBRO CURSO 2020-21 .....	18
ANEXOII: PLAN DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO DE 4º DE EI DO CEIP VILAVERDE .....	20
ANEXOIII: ESQUEMA- GUIÓN ACOLLIDAS 8/9 DE SETEMBRO DE 2020.....	23

## 1. ASPECTOS XERAIS DOS PLANS DE ACOLLIDA DO CENTRO

O CEIP Vilaverde, conta con Plans de acollida do profesorado, familias e alumnado que se recollen nas carpetas dixitais de acollida para o profesorado ademais de no Plan de Acción Titorial.

A situación xerada pola COVID-19 obriga a realizar unha serie de adaptacións, modificacións e engadidos a ese Plan que se recollen a continuación:

### Plan de acollida do profesorado:

O profesorado no centro é acollido a través das actividades seguintes:

1. Xuntanza o 1 de setembro. Esta xuntanza realizarase con todo o profesorado incorporado no laboratorio, mantendo as distancias requiridas e usando máscaras obrigatoriamente. Nela farase unha presentación global, veranse as adxudicacións de grupos e comentaranse as normas para este curso así como os horario e tarefas a realizar dende o 1 ao 9 de setembro ambos inclusive. Entrega de chave portalón de coches, taquillas, conta tokapp...
2. Xuntanzas coa xefatura de estudos e orientación. Por grupos de nivel, especialidade,... realizaranse xuntanzas do 1 ao 7. Nestas xuntanzas presentarase a carpeta dixital do profesorado, comentaranse datos do grupo de alumnado asignado e indícaranse aspectos e principios do centro así como actividades para o primeiro día. O horario para esas xuntanzas será indicado pola xefatura de estudos, realizaranse no espazo do DO se non se supera o aforo máximo permitido ou na sala de profesorado mantendo as medidas de distancia e usando máscara obrigatoriamente. Unha vez usado o espazo o profesorado encargárase de deixar hixienizado o material e mobiliario usado.
3. Percorrido, organización e rotas no centro relacionadas coa COVID 19
4. Xuntanza de claustro de principio de curso. Será o día 7 de setembro ás 9:30 no laboratorio coas medidas sinaladas xa con anterioridade. (ANEXO I, páx 10)

### Plan de acollida das familias

As familias de 4º de E Infantil tiveron unha xuntanza virtual en xuño durante a 1ª fase do período de adaptación na que se informou do funcionamento do período e se lle entregaron suxestións. Recibiron en xullo os horarios coas entrevistas coas titoras e informouse das quendas de incorporación das súas fillas e fillos.

Terán entrevistas coas titorías ao longo dos primeiros días de setembro e nelas informarase da organización e normas para este curso.

As familias de 5º e 6º de E. Infantil terán información sobre as normas e organización para este curso durante o período de adaptación que se realizará en dous días, o 10 e o 11 de setembro, por quendas e que se describe no punto seguinte relacionado con Normas de organización e funcionamento.

As familias de E. Primaria terán información sobre as normas e organización para este curso os días 8 e 9 de setembro, segundo horario e quendas indicadas, no punto seguinte relacionado con Normas de organización e funcionamento. As familias novas recibirán información ese día e un caderno que se lle remitirá dixitalmente.

Todas as familias recibirán por Tokapp o folleto “ VOLTA AO COLEXIO DESPOIS DUN LONGO TEMPO NA CASA” para que poidan traballar adecuadamente coas súas fillas e cos seus fillos o regreso á escola.

Achegaráselles ás familias información para comezar este curso con tranquilidade do Plan de adaptación á COVID e do Plan de acollida para facilitar a incorporación das súas fillas e dos seus fillos ao centro, a través do tokapp e da páxina web.

### Plan de acollida do alumnado

Este Plan permitiranos facilitar a incorporación do alumnado ao centro, evitando aglomeracións, ofrecendo certas garantías de seguridade e distanciamento. Daráselle a coñecer ás familias e ao alumnado algunhas das medidas que imos adoptar no centro co alumnado para implantar o Plan de adaptación á situación COVID.

Temos prevista acollida gradual das familias de primaria para os días 8 e 9 de setembro e para as familias de infantil os días 10 e 11 de setembro.

O alumnado virá no día e hora indicada con máscaras acompañado dun único membro da unidade familiar: presentarse a titora ou titor, indicarlles como se organizará a entrada ao centro, realizarán a subida gradual mantendo a distancia de seguridade seguindo a sinalización, visitarán a súa aula e sentarán no seu posto escolar, limparán as mans (rutinas hixiénicas), asignaráselle un nº para organizar as baixadas, visitarán o espazo de recreo e disporanse nas filas de saída.

ACOLLIDA ALUMNADO DE 5º E 6º EI			
NIVEL	Nº de alumnado de cada unidade	DÍA	HORA
5º EI, grupo A	11 e 11	10 e 11	09:15 a 10:15
5º EI, grupo B	13 e 12	10 e 11	09:45 a 10:45
6º EI, grupo A	13 e 12	10 e 11	12:30 a 13:15
6º EI, grupo B	13 e 12	10 e 11	12:50 a 13:40

ACOLLIDA ALUMNADO DE 1º E 2º EP		
GRUPO	DÍA	HORA
1º A de EP	8	12:00 a 12:35
1º B de EP	8	12:45 a 13:20
2º A de EP	9	12:15 a 12:50
2º B de EP	9	13:00 a 13:35

ACOLLIDA ALUMNADO DE 3º E 4º EP		
GRUPO	DÍA	HORA
3º A de EP	8	10:30 a 11:05
3º B de EP	8	11:15 a 11:50
4º A de EP	9	10:45 a 11:20
4º B de EP	9	11:30 a 12:05

ACOLLIDA ALUMNADO DE 5º E 6º EP		
GRUPO	DÍA	HORA
5º A de EP	8	9:00 a 9:35
5º B de EP	8	9:45 a 10:20
6º A de EP	9	9:00 a 9:25
6º B de EP	9	9:35 a 10:00
6º C de EP	9	10:10 a 10:35

O alumnado de 4º de EI desenvolverá o Período de adaptación que se levarase a cabo entre o 10 e o 30 de setembro, tentárase neste período rutinizarse medidas de prevención e hixiene, fórmulas de entrada e saída, normas de actuación,...

O período de adaptación para o alumnado de 3 anos desenvolverase con entrada gradual do alumnado en grupos de 5 ou 6 segundo calendario deseñado no centro. O horario tamén será reducido de 10:00 a 13:00 h. (ANEXO II, páx 13)

O plan de acollida do alumnado para este curso ampliarase/modificarase/concretarase cos aspectos que se indican a continuación neste documento.

## **2. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.**

*O obxectivo principal desta proposta é garantir a seguridade no centro de toda a comunidade educativa, evitar aglomeracións, os tempos de espera nas entradas e saídas, rutinizarse hábitos de hixiene, fomentar actitudes de prevención e precaución.*

O seu éxito ou fracaso vai depender fundamentalmente do cumprimento estrito dos horarios establecidos, tanto polas familias como polo profesorado.

Atendendo ao Plan de Adaptación deseñado polo noso centro, a organización será:

Toda o persoal docente, o persoal non docente, o alumnado e as súas familias achegaranse ao centro e accederán ao mesmo con máscara e gardarán as distancias de seguridade.

<p><b>REALIZACIÓN DE AUTOENQUISA</b></p> <p>(as familias, o profesorado e o persoal non docente coñecedores do Plan de adaptación á covid-19 responsabilizaranse de realizar a enquisa recollida no Anexo I do citado Plan todas as mañás antes de saír da casa)</p> <p><b>DECLARACIÓN RESPONSABLE</b></p> <p>(as familias remitirana a través do correo electrónico das titorías, Anexo II do Plan de</p>	<p>Non asistirán ao centro o alumnado, o profesorado e o persoal non docente que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aquela persoas que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19 , en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19 ou pendente dunha proba diagnóstica. Síntomas sospeitosos de ter infección por coronavirus:</p> <table data-bbox="590 1590 1356 1724"><tr><td>Febre</td><td>Tose seca</td><td>Dificultade respiratoria</td></tr><tr><td>Fatiga severa</td><td>Dor muscular</td><td>Falta de olfacto</td></tr><tr><td>Falta de gusto</td><td>Diarrea</td><td></td></tr></table> <p>A familia dun neno ou dunha nena, que teña sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica coa súa ou co seu pediatra para que avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración pola persoa especialista médica de atención primaria. Tamén debe chamar ao centro para comunicalo e de ser preciso poñer en marcha o Plan de Continxencia.</p>	Febre	Tose seca	Dificultade respiratoria	Fatiga severa	Dor muscular	Falta de olfacto	Falta de gusto	Diarrea	
Febre	Tose seca	Dificultade respiratoria								
Fatiga severa	Dor muscular	Falta de olfacto								
Falta de gusto	Diarrea									

adaptación)	Recoméndase a aquelas familias que teñan cita médica co alumnado ao longo da xornada escolar que non asistan ese día ao centro, entregarán xustificación previa ou posterior ao profesorado titor de maneira virtual.
<p style="text-align: center;"><b>ENTRADA</b></p> <p style="text-align: center;">De 8:40 a 9:00</p> <p>(rógase puntualidade, despois das 9:00 pecharanse as portas e non se poderá acceder ao centro, ao non contar con persoal para acompañar a este alumnado dende o portal ás aulas)</p>	<p><u>O alumnado transportado</u> entrará polo portal grande do patio descuberto de xeito gradual como se recolle no Plan de adaptación.</p> <p><u>O alumnado acompañado polas familias</u> entrará polo portal da esquina do patio grande cuberto. As <i>familias acompañarán ao alumnado ata o portal da esquina</i>, mantendo as distancias de seguridade e evitando aglomeracións, mais non entrarán no centro.</p> <p>O alumnado de 4 anos e 5 anos disporase en filas numeradas por cursos no patio cuberto pequeno.</p> <p>O alumnado de 1º a 6º de EP disporase en filas numeradas por curso no patio cuberto grande.</p> <p>Nas filas o alumnado estará colocado por orde segundo vaia en autobús (nº/cor do mesmo) ou sexa acompañado polas familias. Terá asignado un nº na fila segundo lle indique a titoría.</p> <p>Durante o <i>período de adaptación o alumnado de 3 anos</i> virá en horario de 10:00 a 13:00h, será recollido e entregado polo profesorado no portal da esquina do patio grande cuberto. Despois do período de adaptación o alumnado de 3 anos irá entrando nas aulas conforme vaia chegando ao centro (o transportado polo portal grande e o acompañado polas familias polo portal da esquina do patio grande cuberto) e fará a fila no patio cando teña adquiridas as rutinas.</p> <p><i>O alumnado procedente do plan Madruga</i>, no caso de que funcione este curso, será acompañado polo persoal do plan correspondente gardando as distancias preventivas necesarias ás respectivas filas establecidas no patio para a entrada.</p> <p>Subirán ás aulas gradualmente por orde primeiro infantil de 5 anos, 4 anos, 2º, 1º, 4º, 3º, 6º e 5º de EP . (* excepción de algún alumnado de neae)</p>
<p style="text-align: center;"><b>SAÍDAS</b></p> <p style="text-align: center;">De 13:30 ás 14:00</p>	<p>Todas as saídas faranse en fila numerada con calma, sen correr, mantendo as distancias de seguridade e gardando a quenda.</p> <p>Na fila irá primeiro o alumnado transportado ordenado segundo as cores dos autobuses e a orde de saída dos mesmos, despois o alumnado usuario de comedor, de funcionar o servizo, e finalmente o alumnado que marcha acompañado de familias.</p> <p>Cada grupo-clase agardará na súa aula a quenda de saída evitando ocupar os corredores. Controlará que o grupo que lle toca saír previamente xa saíu antes de facer a súa saída.</p>



	<p>Saídas graduais:</p> <p><b>13:30 h</b> sae alumnado transportado de 3 anos para o portal grande. <b>13:30 h</b>, 6º e 5º EP baixan en fila ordenada ao patio cuberto grande.</p> <p><b>13:35 h</b>, 4º e 3º EP baixan en fila ordenada ao patio cuberto grande.</p> <p><b>13:40 h</b>, 2º e 1º EP baixan en fila ordenada ao patio cuberto grande.</p> <p><b>13:45 h</b>, 4 anos e 5 anos baixan en fila ordenada ao patio cuberto pequeno.</p> <p><b>13:45h</b>, 3 anos que marcha con familias e de funcionar o comedor o alumnado usuario do servizo saen diante do seu edificio.</p> <p><b>13:50 h</b> sae alumnado transportado gradualmente polo portal grande: 6 branco, 1 azul, 5 verde, 3 vermello, 7 marrón, 2 rosa, 4 amarelo.</p> <p><b>13:55h</b> sae o alumnado usuario de comedor de funcionar o servizo.</p> <p><b>14:00 h</b> sae gradualmentee alumnado acompañado de familias polo portal da esquina do patio grande. As familias non entrarán ao centro.</p> <p>(* O alumnado con mobilidade reducida sairá pola cancela pequena porque está a praza de aparcamento destinada a persoas con minusvalía alí ao carón, considerarase algún outro caso de neae.)</p> <p><i>O alumnado usuario do comedor escolar, no caso de que funcione este curso, será recollido polo persoal coidador do comedor nas filas correspondentes no patio e será trasladado ao comedor gardando as distancias prescritivas, evitando aglomeracións nas entradas e espazos anexos ao comedor.</i></p>
<p style="text-align: center;"><b>FAMILIAS E ACOMPAÑAMENTOS AO ALUMNADO</b></p> <p>(rógase puntualidade, para evitar aglomeracións e retrasos)</p>	<p><b>Á entrada de 8:40 a 9:00.</b> As familias acompañarán ao alumnado ata a entrada do portal da esquina do patio grande cuberto, coidando non formar aglomeración e manter as distancias de seguridade. Non entrarán ao centro.</p> <p>Rógase puntualidade, despois das 9:00 pecharanse as portas e non se poderá acceder ao centro, ao non contar con persoal para acompañar a este alumnado dende o portal ás aulas.</p> <p><b>Á saída a partir das 14:00 h.</b> As familias recollerán ao alumnado polo portal da esquina do patio grande cuberto. O alumnado sairá gradualmente por cursos. Non se achegarán a este espazo ata que saía o curso no que está a súa filla ou fillo para evitar aglomeracións e garantir as distancias mínimas de seguridade. No caso de saír varios irmás, as/os maiores permanecerán no seu sitio e sairán detrás das/dos máis pequenas/os.</p> <p>Rógase puntualidade, na recollida do alumnado ás 14:00 h para evitar aglomeracións e retrasos. Estes últimos consideraríanse unha grave imprudencia na actual situación sanitaria.</p>

<p><b>USO DA MÁSCARA</b> (obrigatorio nas proximidades e acceso ao centro para o alumnado, profesorado, persoal non docente e familias)</p>	<p><b>O alumnado de E. Infantil e o alumnado de E. Primaria</b> como norma xeral levará a máscara á entrada no recinto escolar e continuará con ela durante toda a xornada na medida do posible aínda que se garanta a distancia de seguridade. É obrigatorio usar máscara de protección cando saia da aula, nas circulacións polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc), nas entradas e saídas ao centro, no tempo recreo, nas entradas e saídas ao comedor escolar e na estancia na biblioteca. Tamén é preciso levar na bolsa da merenda un estoxo ou bolsa cunha máscara limpa de recambio.</p> <p>As máscaras deben hixienizarse ou cambiarse todos os días.</p>
<p><b>CIRCULACIÓN POLO CENTRO/ CORREDORES</b></p>	<p>Circularase na dirección indicada, <i>sempre pola dereita</i>, evitando aglomeración, carreiras e mantendo a distancia de seguridade. Nos corredores do centro disporase sinalización no chan e nas paredes para indicar a direccionalidade nas entradas e nas saídas Cederase o paso ao alumnado con cadeira de rodas ou mobilidade reducida e tamén ao alumnado máis pequeno.</p>
<p><b>AGRUPAMENTO/ AULAS</b></p> <p>(os grupos terán un máximo de 25 alumnas e alumnos, de superar este número procederase ao seu reagrupamento segundo os criterios establecidos no NOFC)</p>	<p>En todas as entradas e saídas das aulas realizaranse as <i>rutinas de hixienización das mans</i> e tantas outras veces se precise (baños, merenda, de caer material ao chan, manexo de material compartido, soarse...)</p> <p>Como norma xenérica, <i>o alumnado non sairá da súa aula para ir ás especialidades de música, inglés con excepción da educación física en EP ou psicomotricidade en EI e relixión católica e evanxélica.</i></p> <p>Respecto a 5º e 6º que <i>traballa por ámbitos</i> será o profesorado o que rote e non o alumnado como era o habitual no centro.</p> <p><i>Prestarase especial coidado á ventilación das aulas</i> antes e despois das diferentes sesións.</p> <p>Mentres dure esta situación excepcional, disporase nas aulas do <i>material imprescindible</i> para facilitar as limpeza e desinfeccións, retiraranse os recantos cos seus materiais e recollerase o espazo da alfombra nos niveis que se dispoña, posto que favorecen as interaccións e contactos e ademais dificultase a súa correcta desinfección.</p> <p><i>Respecto á colocación das mesas nas aulas, como norma xeral manterase a distancia máxima entre os postos escolares, como indica a Consellería</i> (tomando en consideración o centro da cadeira onde se sitúe ao alumnado respecto dos centros das restantes). Manterase unha distancia interpersonal, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros nas interaccións entre as persoas no centro educativo.</p> <p>Esta colocación variará en función do número de alumnas e alumnos en cada aula e do tipo de mesas das que dispoña (redondas, trapezoidais, rectangulares ou cadradas). Sempre que se garanta a distancia mínima entre o alumnado, poderán barallarse, con garantías de distancia, ademais da disposición individual outras como son os grupos comunicativos ou</p>



	<p>cooperativos.</p> <p><i>De organizar grupos de traballo cooperativo coas distancias adecuadas, serán estables, dun máximo de 4 alumnas e alumnos.</i></p> <p>Limitaranse ao máximo os movementos dentro da aula do alumnado.</p> <p><i>O alumnado con neae</i> colocaranse nas aulas na localización máis adecuada segundo as súas características.</p>
<p><b>MATERIAIS DO ALUMNADO</b></p>	<p>O material do <b>alumnado será o imprescindible</b>. Todos os <u>materiais do alumnado</u> virán rotulados co seu nome. Non se compartirán materiais e obxectos persoais. Evitarase que as familias entren ao centro para traer o material, artellarán un sistema de achega para que sexa o propio alumnado que o traia.</p> <p>Cando sexa imprescindible empregar material común, distribuirase en gabetas ou caixas para cada un dos grupos (máximo de 4), mantendo a hixiene de mans ao manipulalo e tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.</p> <p>A <u>roupa de abrigo</u> disporase nos percheiros ou no respaldo das cadeiras en función da súa ubicación e o espazo entre as perchas.</p> <p>O alumnado traerá <u>merendas</u> que permitan que as manexen e coman con autonomía para que ninguén as teña que manipular, controlarse a cantidade para que non se prolongue o tempo de merendar e non queden restos que se poidan manipular indebidamente ou saltar as medidas de coidado e prevención. Preferiblemente virá en bolsas desbotables ou de tea con asas para pendurar da cadeira sen que arrastre polo chan. Dentro da bolsa virá a merenda, unha botella de auga co nome, panos desbotables e un estoxo ou bolsa cunha segunda máscara limpa de recambio. (Coidar a limpeza diaria da bolsa)</p> <p><b>Infantil:</b></p> <p>Almacenará os seus materiais de uso individual en caixas e gabetas (pinturas, rotuladores, plastilina...) A bolsa da merenda colgarase no respaldo da cadeira por iso as asas non deben ser moi longas. A tarxeta do bus virá suxeita na bolsa da merenda.</p> <p>Non traerán mandilón mentres dure esta situación excepcional.</p> <p><b>Primaria:</b></p> <p>Como norma xeral o material do alumnado almacenarase baixo o pupitre (estoxo, libreta, axenda...) por iso esencializarse e minimizarse a cantidade. Evitarase traer material innecesario como mochila. Traerán unha bolsa desbotable ou de tea con asas para colgar no respaldo das cadeiras coa merenda. Tenderase a que o material non vaia de casa ao colexio e viceversa (poderanse usar alternativas relacionadas coa aula virtual e blog), no caso de que sexa imprescindible velarse pola súa debida manipulación e desinfección. Deixarase o espazo individual recollido, de xeito que sexa máis fácil a limpeza e desinfección da aula.</p>

<p><b>BAÑOS/ASEOS</b></p>	<p><i>Cada grupo de alumnado terá un baño asignado. O aforo dos baños é de 1/3 da súa capacidade. O alumnado deberá hixienizar as mans con auga e xabón á saída do mesmo e cando chegue á aula con hidroxel.</i></p> <p>Se o baño está ocupado soamente pode esperar a súa quenda no corredor unha alumna ou un alumno de cada aula nos <i>puntos de espera</i>, serán 3 puntos, un por cada aula á distancia de 1,5m. Para evitar aglomeracións.</p> <p>O baño adaptado, situado na planta baixa, será de uso exclusivo do alumnado con problemas de mobilidade.</p> <p>No tempo de recreo, o alumnado irá ao baño asignado na medida do posible antes ou despois do patio. De resultar necesario irían ao ximnasio. Haberá profesorado de garda para garantir o aforo e a orde.</p> <p>Nos días de choiva seguiranse as mesmas indicacións que durante a xornada escolar nas aulas.</p> <p><i>O persoal de limpeza garantirá a desinfección dos mesmos a lo menos 3 veces durante a xornada escolar e rexistrará a hora en que se realiza esa desinfección. Nestes momentos contamos cunha limpadora pola mañá para a desinfección de baños e zonas comúns e dúas pola tarde para a limpeza de todo o centro.</i></p>
<p><b>RECREOS E MERENDAS</b></p>	<p>Establécese unha <i>franja horaria de recreos de 11:30 h a 12:20 h</i>. Nesa franja horaria incluíranse merendas, titorías de grupo, animacións lectoescritoras dixitais, ...</p> <p><i>1ª quenda grupos letra A: 11:30 a 11:50</i>  <i>2ª quenda grupos letra B: 12:00 h a 12:20</i></p> <p>Sairán ao patio na seguinte orde: 6º, 5º, 4º, 3º, 2º, 1º, 4 anos, 5 anos e 3 anos.</p> <p>Subirán ás aulas na seguinte orde: 5 anos, 4 anos, 2º, 1º, 4º, 3º, 6º, 5º e 3 anos.</p> <p>Haberá un intervalo de 10 minutos entre quenda e quenda para evitar encontros.</p> <p><i>Cada aula situarase no espazo que se lle indicará na titoría para o recreo.</i></p> <p><i>Os xogos e actividades de recreo deben garantir que se manteñan as distancias e as medidas de prevención necesarias. Exemplos: xogos de imitación, dramatizar, o espello, estatuas, canción escenificada, adiviñar con pistas, vexo-vexo, o número, buscar maneiras orixinais de mover partes do corpo, microesprints por quendas, exercicios de respiración, actividades de ritmo, mimo, coreografía sen contacto, flexións, xiros, resistencias en saltos, retos, percorridos, escritura/debuxo no aire para adiviñar, nin si nin non, miradas que matan de risa, o noso conto, xogar cunha letra sen repetirse, cazaletas comezando pola primeira letra do abecedario, pedra-papel-tesoiras, family fingers, os números explosivos, xogos de atención auditiva como o mercado de froitas, palabras encadeadas, adiviñar ao animal falador...</i></p>

	O alumnado non sairá ao patio <u>os días de choiva</u> , permanecerá nas súas aulas correspondentes. A titora ou titor e a persoa designada para o acompañamento na garda organizan a vixilancia do alumnado na aula.
<b>BIBLIOTECA</b>	Durante esta situación <i>serán as titoras e os titores as e os que collan os libros na biblioteca</i> e os rexistren para realizar o préstamo nas aulas. Cando o alumnado os devolva, realizará a prescritiva corentena en caixas e despois deberá dispoñelos no seu lugar novamente. Cada aula pedirá un libro de lectura (preferiblemente de literatura infantil-xuvenil) individual ao alumnado de primaria por trimestre.
<b>XIMNASIO/ PISTAS DEPORTIVAS</b>	Na medida do posible, <i>as clases de educación física e psicomotricidade desenvolveranse nos patios</i> . O alumnado traerá a roupa deportiva o día que corresponda e portará a máscara. Para a baixada e subida ao centro colocaranse en fila na orde indicada para entradas e saídas, coa separación de seguridade, contando coa axuda da titoría. Valorarase a disposición dunha alfombra de desinfección na entrada ao ximnasio cando este deba ser usado. Evitarase, na medida do posible, o uso de materiais compartidos e, no caso de ser así, garantiranse os elementos de hixiene para a súa desinfección. Non se utilizarán os vestiarios.
<b>AULA INFORMÁTICA</b>	Aconséllase non empregar a aula neste tempo, de ser imprescindible empregala, a ou o responsable asegurarse de deixar limpas e desinfectadas as cadeiras, os teclados, os ratos, as mesas, as pantallas,... para que a poida usar o grupo seguinte.
<b>XUNTANZAS PARA INFORMAR ÁS FAMILIAS E ALUMNADO DAS NOVIDADES</b>	Como non se puideron realizar as primeiras <i>fases de acollida</i> polo confinamento e ademais existen cambios organizativos moi importantes no centro debido á crise xerada pola COVID 19, o CEIP ve necesario ter unha reunión previa coas familias e o alumnado. Antes do día 10 de setembro co alumnado de primaria e os días 10 e 11 co alumnado de infantil de 4 e 5 anos, para evitar que o día 10 e 11 se produzan problemas, aglomeracións, confusións...: <i>As xuntanzas terán lugar no patio</i> , asistirá unha única persoa por alumna ou alumno, a duración aproximada será de 30 minutos. As persoas asistentes deberán manter a distancia de seguridade de 1,5 metros mínimo e asistir con máscara. Separaranse as xuntanzas para que non se produzan aglomeracións innecesarias.  <i>Co <u>alumnado de 4º de EI</u> non se realizarán ao desenvolverse as entrevistas individuais con familias durante as cales xa se lles indican as normas.</i> <i>As datas das entrevistas aparecen no Anexo II, páx 20.</i>  <i>Co <u>alumnado de 5º e 6º de EI</u> farase un período de adaptación coas quendas seguintes durante os días 10 e 11 de setembro</i>

ACOLLIDA ALUMNADO DE 5º E 6º EI			
NIVEL	Nº de alumnado de cada unidade	DÍA	HORA
5º EI, grupo A	11 e 11	10 e 11	09:15 a 10:15
5º EI, grupo B	13 e 12	10 e 11	09:45 a 10:45
6º EI, grupo A	13 e 12	10 e 11	12:30 a 13:15
6º EI, grupo B	13 e 12	10 e 11	12:50 a 13:40

Co alumnado de E. Primaria desenvolveríanse nas seguintes datas:

ACOLLIDA ALUMNADO DE 1º E 2º EP		
GRUPO	DÍA	HORA
1º A de EP	8	12:00 a 12:35
1º B de EP	8	12:45 a 13:20
2º A de EP	9	12:15 a 12:50
2º B de EP	9	13:00 a 13:35

ACOLLIDA ALUMNADO DE 3º E 4º EP		
GRUPO	DÍA	HORA
3º A de EP	8	10:30 a 11:05
3º B de EP	8	11:15 a 11:50
4º A de EP	9	10:45 a 11:20
4º B de EP	9	11:30 a 12:05

ACOLLIDA ALUMNADO DE 5º E 6º EP		
GRUPO	DÍA	HORA
5º A de EP	8	9:00 a 9:35
5º B de EP	8	9:45 a 10:20
6º A de EP	9	9:00 a 9:25
6º B de EP	9	9:35 a 10:00
6º C de EP	9	10:10 a 10:35

Nestas xuntanzas falarase de (Anexo III, páx 23):

- Portas de acceso e saída
- Rotas a seguir ata a aula
- O primeiro día lectivo
- Materiais
- Acompañamento/recollidas do alumnado
- Merendas...

Ademais desas xuntanzas as familias recibirán orientacións sobre a incorporación á escola a través do folleto " VOLTA AO COLEXIO DESPOIS DUN LONGO TEMPO NA CASA" que xa se indicou con anterioridade.

<p><b>1º DÍA DE CLASE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Como xa consta no noso plan de acollida xeral, ese día o alumnado estará coa titora ou titor correspondente.</li> <li>- Traballarase os espazos individuais/situación do alumnado na aula, o horario e as normas fundamentais (hixiene, disposición de materiais, uso dos baños, desprazamentos...)</li> <li>- Haberá coordinación co profesorado especialista que se achegará ás aulas para presentarse e comentar algún aspecto relevante, de acordo co plan de acollida xeral do profesorado especialista.</li> </ul>
<p><b>ASPECTOS A TRABALLAR NAS SESIÓNS DE ACOLLIDA</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballarase coordinadamente entre as titorías do mesmo nivel os diferentes aspectos relacionados co plan de acollida: recepción, saúdos e presentación, a mascota de clase, organización, horarios, que imos aprender, normas, uso axenda, actuacións de prevención, educación emocional, accesos a aula dixital e blogs, a xestión virtual dos deberes e actividades académicas na casa, etc.</li> <li>- De acordo coas directrices do DO e da xefatura de estudos durante este período o alumnado con neae poderá ser apoiado para o desenvolvemento destas actividades polo persoal ATE, o profesorado especialista de AL e PT e os apoios non especializados que se establezan .</li> <li>- Realizarase avaliación inicial usando as actividades programadas de xeito xeral, de maneira que sirvan para observar o nivel lectoescritor, a etapa no razoamento numérico, as funcións executivas, ...</li> </ul> <p>Na carpeta dixital do profesorado (Acollida), nas carpetas “materiais de acollida” e “cartas mascotas” hai material variado para o seu uso neste período de acollida.</p>
<p><b>XUNTANZAS INICIO DE CURSO COAS FAMILIAS</b></p>	<p>As reunións de inicio de curso, comunicaranse as datas a través do tokapp, poden presentar dúas modalidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Presencial</b> limitando a presenza a unha persoa por familia para poder garantir a distancia interpersonal, sendo obrigatorio o emprego de máscara e nun espazo que reúna as condicións de distanciamento axeitadas (patio cuberto grande).</li> <li>- <b>Telemática</b> a través da aplicación facilitada pola Consellería. Aconséllase esta última nas circunstancias sanitarias actuais.</li> </ul>
<p><b>TITORÍAS COAS FAMILIAS</b></p>	<p>Realizaranse todas con cita previa. Os martes pola tarde de 16:00 h a 17:00 h. Poderán realizarse preferentemente na seguinte orde:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Teléfono 886159034 ou móbil: 606504851 do centro.</li> <li>2.- Videoconferencia a través da aplicación facilitada pola Consellería.</li> <li>3.- Vídeo chamada a través do móbil do centro. Móbil: 606504851</li> <li>4.- Presencial, sempre que non sexan posibles as anteriores, tendo en conta as seguintes medidas:</li> </ol>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emprego de máscara.</li> <li>- Hixiene de mans ao acceder á aula.</li> <li>- Espazo adaptado, colocación de mesas para garantir a distancia de seguridade de 1,5 m.</li> <li>- No caso de ser preciso a revisión dun documento escrito, solicitarase previamente para ter unha copia e evitar a manipulación conxunta de documentos.</li> </ul>
<b>SECRETARIA DO CENTRO (trámites administrativos)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As xestións administrativas (solicitudes, servizo de transporte, certificados... ) realizaranse preferiblemente a través de correo electrónico e do teléfono do centro.</li> <li>- No caso de que sexa preciso xestionalo no centro, os horarios de acceso non poderán coincidir con entradas e saídas do alumnado nin cos recreos por motivos de prevención. Establécese, polo tanto, horario de 9,30h a 11,30h e de 12,20h a 13:00h. Acudirase ao centro (entrando pola cancela pequena) con máscara e gardaranse as distancias mínimas esixibles (1,5 metros) e desinfectando as mans na entrada do edificio administrativo. Preferiblemente concertarase cita por teléfono para evitar aglomeracións e esperas.</li> </ul>

### 3. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PRECAUCIÓN

No noso CEIP e, de acordo coas normativas de prevención hixiene e precaución xerais para toda a cidadanía, traballarase durante o período de acollida:

<https://view.genial.ly/5f439d2b891cc20d3a9fba14/horizontal-infographic-review-sentidino-precaucion-e-prevencion>

**MEDIDAS DE PREVENCIÓN PARA COMEZAR O CURSO 2020-2021, NO CEIP VILAVERDE**

<https://youtu.be/FL-soCI63nU>

<b>PREVENCIÓN E PRECAUCIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Separación e distancia nas aulas, no patio, nos corredores,...</li> <li>- Uso de mascara obrigatoria para alumnado, persoal non docente e profesorado. Uso de pantalla cando a actividade docente sexa incompatible co uso da mascara ou se precise unha protección especial (limpeza dos baños).</li> <li>- Establecemento de quendas de entrada, saída e recreos.</li> <li>- Cando a familia acompañe ao alumnado será responsable de que entre adecuadamente e de que agarde a quenda de entrada para evitar aglomeracións.</li> <li>- Evitar situacións de contacto físico</li> </ul>
--------------------------------	--



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Responsabilidade individual no mantemento das medidas.</li> <li>- Non correr polos corredores, manterse no lugar da fila que corresponda.</li> <li>- Agardar antes de entrar a un lugar se o aforo está completo.</li> <li>- Compromiso de non asistir ao centro con sintomatoloxía compatible coa COVID, comprometerse a facer o autotest (Anexo I do Plan de actuación á COVID) antes de acudir ao centro. As familias deben adquirir o compromiso firme, Declaración Responsable (Anexo II do Plan de adaptación á Covid) de non enviar aos seus fillos e ás súas fillas ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para iso deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.</li> <li>- Non asistirán ao centro as persoas pendentes de realizar unha proba diagnóstica ou PCR e tampouco aquelas nas que algún membro da unidade familiar estea pendente desta proba ata que teñan o resultado negativo da mesma, como medida de precaución.</li> <li>- Recomendase ás familias que non traian ao alumnado ao centro cando teñan cita médica. De ter que recollelo no centro ou deixalo ao longo da xornada lectiva farano no edificio administrativo.</li> </ul>
<p><b>HIXIENE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Solicitar reforzamento da limpeza aos servizos correspondentes. Correspondendo á empresa de limpeza manter todos os espazos do centro limpos e desinfectados diariamente.</li> <li>- Solicitar a limpeza dos baños e aseos segundo o protocolo remitido pola consellería.</li> <li>- Establecer un control de ventilación nas aulas e nos diferentes espazos.</li> <li>- Desinfección de materiais e mobiliario de uso común polo alumnado (limpar o boli se cae ao chan, o teclado e pantalla,...). Traballar nunha rutina de limpeza e desinfección de xeito que vaian acadando autonomía.</li> <li>- Procurar a hixiene persoal: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Usar máscara adecuada e debidamente desinfectada, hixienizada ou cambiada.</li> <li>2. Limpezas e desinfeccións de mans (as familias serán as</li> </ol> </li> </ul>

	<p>responsables de que o alumnado faga a primeira desinfección das mans pola mañá). Aprender a lavar e desinfectar adecuadamente as mans.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>3. Hábitos de tusir e esbirrar adecuadamente</li> <li>4. Evitar tocar cara, ollos, boca, nariz.</li> <li>5. Aprender a manipular adecuadamente as máscaras.</li> <li>6. Coidar os propios materiais e mobiliario e desinfectalos de xeito periódico e evitar manipular os do resto.</li> <li>7. Evitar obxectos e materiais innecesarios na aula.</li> <li>8. Tirar os panos desbotables na papeleira de pedal e o outro lixo no lugar indicado.</li> </ol> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Adquirir o hábito de desinfectar obxectos, mobiliario,... previo e posterior ao seu uso (como medida de respecto e coidado).</li> <li>- Aprender a relacionarse sen tocarse.</li> <li>- Ter todo ordenado. Non tirar cousas ao chan. Manter o posto individual no seu sitio de referencia.</li> <li>- Facilitar o labor do persoal de limpeza deixando todo recollido adecuadamente.</li> </ul>
--	---

#### 4. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA COMPETENCIA DIXITAL E O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADE NON PRESENCIAL

O equipo docente do CEIP Vilaverde realizará a formación necesaria para contribuír ao desenvolvemento da competencia dixital que faga máis adecuada a actividade non presencial ou semipresencial.

O profesorado leva traballado na formación neste eido ao longo dos últimos cursos a través de PFPP e a titorización entre iguais.

Durante o curso pasado xa se desenvolveron accións durante o confinamento, uso de blog, videoconferencias, contactos por outros medios,... que se actualizarán este curso tamén con indicacións de acceso e fórmulas para visualizar/engadir arquivos e documentos. Traballarase co alumnado estes aspectos.

Ademais *darase acceso á aula virtual e traballaranse:*

- Acceso aos cursos
- Subir actividades
- Baixar documentos

Durante o mes de setembro poderase implementar o uso da aula virtual, blogs e correos para facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa, como realizar algunha actividade

escrita ou oral, acceder a información (vídeos, textos, imaxes,...), reducindo o movemento de material casa e escola.

*O alumnado de Infantil, 1º e 2º EP, coñecerá a aula virtual e facilitarase ás familias o acceso.*

*O alumnado de 3º e 4º EP aprenderá o manexo básico da aula virtual.*

*O alumnado de 5º EP que terá portátil co programa Edixgal, aprenderá o uso básico do mesmo: cámara, escáner, gravación/edición de vídeo, procesador de textos, deseño, uso de internet e normas.*

*O alumnado de 6º EP repasará o xa aprendido o curso pasado neste senso.*

Con todo o alumnado traballarase as medidas de uso adecuado de internet, as redes sociais e a evitación do cyberacoso.

Corresponde a cada titoría *identificar ao alumnado que por falta de recursos non puidese acceder ás diferentes fórmulas de ensino a distancia* e notificaranllo ao equipo directivo. As familias deberán comunicar ao profesorado titor as dificultades de conexións ou material dixital que teña para que se poidan pensar conxuntamente alternativas viables.

## **5. ATENCIÓN A ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS**

De acordo coas liñas de centro, a educación para a igualdade e a emocional e afectiva é considerada fundamental sempre e máis nestes momentos.

- Potenciarase a educación para a igualdade tendo presente o que supuxo o confinamento neste eido.
- Axudar ao alumnado a identificar as súas emocións ante as novas situación e as situacións cotiás. A expresión das emocións e dos estados de ánimo terán cabida diaria nas clases. O espazo de recreo contará cun horario específico onde o nivel que non estea no patio aproveitará para actividades variadas relacionadas coa animación lectoescritora e dixital, os hábitos de estudo, a resolución de conflitos, a expresión e xestión das emocións,..
- Evitar a toxicidade, as cadeas de alburgadas por chat, os xogos de infección, bromas de mal gusto, alcumes relacionados co virus, ...
- Falarase sobre o contaxio, a cura,.. Desenvolveranse acción relacionadas coa empatía e non discriminación.
- O respecto ao resto de compañeiras e compañeiros, aos seus materiais e espazos será un traballo cotiá no centro.
- Sensibilizar de cara a como manter contacto afectivo, de interese e de compañeiras e compañeiros co alumnado enfermo a través de medios dixitais.
- Traballar a responsabilidade individual para frear a transmisión do virus.
- Incidirase sobre como manter a calma, ser positivas e positivos e enfocarse en que si poderemos controlar o virus.
- Traballarase aspectos novos sobre como interaccionar, saudarse, despedirse ... Buscar alternativas ás apertas, os bicos,... habilidades sociais.
- Atopar maneiras conxuntas de manter o contacto coas amizades a través da rede (que se deberá usar de maneira saudable e responsable)

- Traballarase os aspectos cooperativos dentro de unha metodoloxía globalizada tendo presentes sempre as medidas de prevención no que se refire a contactos e distancias.
- Insistirase na xestión e resolución pacífica de conflitos, terase especial coidado con aqueles que poidan xurdir con motivo da COVID 19 (invasión de espazos, tocar materiais doutras persoas, mantemento das medidas hixiénicas,...)
- Aprender a poñer filtros á cantidade e calidade da información evitando mentiras, sobrecarga ou xerar pánico...
- Atopar maneiras novas para o tempo de lecer e para establecer rutinas cando non poidamos ter actividade presencial no centro.
- Fomentar a conciencia social e como podemos axudar en tempos de COVID 19
- Buscaranse estratexias para diminuír estados típicos da época de pandemia: ansiedade, medo, pánico, rabia, ... a través do autocontrol, da relaxación.
- Traballarase en todos os proxectos e temáticas de xeito transversal a educación para a saúde, a educación medioambiental, a educación para a igualdade.
- Indicar as diferenzas entre prevencións, rutina e condutas obsesivas ante o virus

Poderemos usar materiais da carpeta dixital “materiais de acollida”, contos, xogos,...

O Equipo Directivo, o Departamento de orientación e o equipo covid-19 elaboraron este Plan de acollida, segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020.

**Data de presentación:**

Foi presentado por primeira vez o 26 de agosto de 2020 á comunidade educativa e informado ao Consello Escolar para que puidesen realizar aportacións que axudasen a melloralo antes da súa aprobación.

**Data de aprobación:**

Equipo Directivo informado o Consello escolar o día 7 de setembro de 2020

## ANEXO I: ACTIVIDADES PRIMEIROS DÍAS DE SETEMBRO CURSO 2020-2021

ACTIVIDADES PRIMEIROS DÍAS DE SETEMBRO CURSO 2020-21		
MARTES 1	<b>10:00</b>	<b>SAÚDOS E ACOLLIDA AO PROFESORADO</b> Reunión profesorado EI3 con OR Presentación especialistas PT/AL con OR/XE  REUNIÓN XERAL (adscripción do profesorado, distribución de espazos, Plan Covid, Plan acollida, preparación de programación...)
	<b>10:30</b>	
	<b>11:00</b>	
	<b>12:30</b>	
MÉRCORES 2	<b>09:30</b>	Reunión profesorado 3º EP con OR/XE Reunión profesorado 1º EP con OR/XE Reunión profesorado 5º EP con OR/XE Reunión profesorado 6ª EP con OR/XE  <ul style="list-style-type: none"> <li>Traballo persoal (inventario aula, listado de necesidades, listado material do alumnado...)</li> <li>Entrevistas nais/pais do alumnado de 3 anos de EI</li> </ul>
	<b>10:30</b>	
	<b>11:30</b>	
	<b>12:30</b>	
XOVES 3	<b>09:30</b>	CICLOS (presentación coordinador/a, distribución do profesorado nos diferentes equipos, proposta de actividades...)
	<b>10:00</b>	
	<b>11:00</b>	
	<b>12:00</b>	
		COMISIÓN COORDINACIÓN PEDAGÓXICA  Reunión profesorado 2º EP con OR/XE Reunión profesorado 4º EP con OR/XE  <ul style="list-style-type: none"> <li>Traballo persoal (Preparación do Plan de acollida, avaliación inicial e programación de aula)</li> <li>Entrevistas pais/nais alumnado EI3 anos</li> </ul>

<b>VENRES 4</b>	<b>09:30</b> <b>10:30</b> <b>12:00</b> <b>13:00</b>	Reunión profesorado EI 4 anos con OR/XE Reunión profesorado EI 5 anos con OR/XE Reunión profesorado especialista con OR/XE Reunión profesorado PT/AL con OR/XE <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo persoal</li> <li>• Entrevistas pais/nais alumnado EI3 anos</li> </ul>
<b>LUNS 7</b>	<b>09:30</b> <b>12:30</b>	CLAUSTRO Reunión profesorado EI 3 anos con OR/XE <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo persoal</li> </ul>
<b>MARTES 8</b>	<b>9:00 - 9:35</b> <b>9:45 - 10:20</b> <b>10:30- 11:05</b> <b>11:15- 11:50</b> <b>12:00-12:35</b> <b>12:45- 13:20</b>	Acollida e reunión do alumnado de 5º A Acollida e reunión do alumnado de 5º B Acollida do alumnado de 3ºA Acollida e reunión do alumnado de 3º B Acollida e reunión do alumnado de 1º A Acollida do alumnado de 1ºB <ul style="list-style-type: none"> <li>• Traballo persoal</li> </ul>
<b>MÉRCORES 9</b>	<b>9:00 - 9:25</b> <b>9:35 - 10:00</b> <b>10:10- 10:35</b> <b>10:45- 11:20</b> <b>11:30-12:05</b> <b>12:15- 12:50</b> <b>13:00- 13:35</b>	Acollida e reunión do alumnado de 6º A Acollida e reunión do alumnado de 6º B Acollida e reunión do alumnado de 6º C Acollida do alumnado de 4ºA Acollida e reunión do alumnado de 4º B Acollida e reunión do alumnado de 2º A Acollida do alumnado de 2ºB  PREPARACIÓN INICIO DE CLASES
<b>XOVES 10</b>	<b>9:00</b> <b>9:15 A 11:50</b> <b>12:30 a 14:00</b>	COMEZO DAS CLASES Recepción do alumnado de primaria Acollida do alumnado de 5º e 6º de EI, en grupo pequeno de 13 nenas e nenos Acollida do alumnado de 5º e 6º de EI, en grupo pequeno de 12 nenas e nenos
<b>VENRES 11</b>	<b>9:00</b> <b>9:15 A 11:50</b> <b>12:30 a 14:00</b>	Recepción do alumnado de primaria Acollida do alumnado de 5º e 6º de EI, en grupo pequeno de 12 nenas e nenos Acollida do alumnado de 5º e 6º de EI, en grupo pequeno de 13 nenas e nenos



## **ANEXOII: PLAN DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO DE 4º DE EI DO CEIP VILAVERDE**

### **PLAN DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO DE 3 ANOS PARA O CURSO 2020-21**

Este curso, por mor das circunstancias especiais orixinadas pola COVID-19, non foi posible o desenvolvemento no centro de todas as fases tal como se recollen no *Plan estándar do Período de Adaptación do CEIP Vilaverde* (deseñadas para facilitar a adaptación do novo alumnado de 4º de Educación Infantil á escola).

O plan de adaptación do noso centro ten 2 fases, que adaptamos á situación do seguinte xeito:

#### 1ª FASE

- **Xuntanza de acollida coas familias do alumnado que se incorpora a 4º de E. Infantil no curso 2020/2021.**

O primeiro achegamento ás familias do novo alumnado non se puido levar a cabo de xeito presencial no centro. Organizáronse catro xuntanzas virtuais desenvolvidas os días 23 e 25 de xuño. As familias foron convocadas en grupos de 10 persoas e en dous horarios diferentes de asistencia: 18:00 horas – 19:00 horas.

Remitiuse un correo electrónico a cada unha das familias, indicando a data e a hora da xuntanza, así como as instrucións para a instalación da plataforma webex, o contrasinal e o número da mesma e uns enlaces para poder asistir á dita xuntanza.

Asistiron por parte do centro a Orientadora, a Xefa de Estudos e a Secretaria do centro (ambas profesoras de Ed. Infantil) así como o presidente da ANPA.

A asistencia das familias do alumnado novo de 3 anos foi dun 95%.

- ✓ Tratáronse aspectos relacionados co centro, organización, metodoloxía, servizos,... e ademais de suxestións e orientacións para preparar a entrada na escola .

Dende a ANPA comentáronse aspectos como: asociación e cotas, servizos de comedor e plan de madrugadoras e madrugadores, actividades extraescolares, ...

- Unha vez realizadas as xuntanzas virtuais coas familias remitimos un correo electrónico que adxunta uns folletos para axudar e facilitar a adaptación das súas fillas e fillos:
  - un libriño titulado "*A entrada na escola*" cunha serie de suxestións e actitudes que debemos coidar as adultas e os adultos neste período.
  - unha *listaxe de contos* relacionados co comezo da escola que poden axudar a falar coas nenas e cos nenos sobre sentimentos e emocións desta nova experiencia.
  - Un enlace con contos en vídeo que poden servir para tratar coas nenas e cos nenos sobre diversos aspectos que acostuman presentarse neste período: medos, control de pis, rabechas, deixar o chupete, condutas, emocións, empezar a escola e o sono,...

<https://view.genial.ly/5eee27c2728a240d8aa5497c/horizontal-infographic-review-contos-para-superar>

- **Coñecer a escola**

Dentro desta 1ª fase, normalmente o alumnado novo é convidado a visitar a escola. Este curso non se puido facer unha primeira toma de contacto co centro en xuño (O alumnado achegábase un día establecido a coñecer a súa aula, os baños, o espazo do patio... en pequenos grupos e a posibilidade de vir durante os recreos o resto da semana para relacionarse con futuras compañeiras e compañeiros, abrindo a posibilidade de que as familias se coñezan entre si, intercambien enderezos e programen “xuntanzas destas nenas e nenos” para que ao chegar setembro xa se coñezan). Así que suxerimos ás familias que se achegasen ao cole durante o verán e llo ensinen aínda que só sexa dende fóra, para que vexan o patio o entorno natural que o rodea e os edificios das aulas de 3 anos para que cando vaia en setembro non lle sexa de todo descoñecido.

Envíaselle ás familias a finais de agosto un correo electrónico onde se adxunta un folleto sobre “A volta á escola” igual que a todo o resto de familias do colexio. Nelas hai suxestións para unha mellor incorporación despois de moitos meses sen clases.

## 2ª FASE

- **Entrevista coas familias**

Nesta segunda fase, o centro remite ás familias a finais de agosto unha carta por correo ordinario onde se lles asigna unha data e unha hora para facer unha entrevista coa titora que serán levadas a cabo na primeira semana de setembro, aproveitando esta ocasión para que a súa filla ou fillo coñezan a súa titora, a súa aula, os baños, o espazo do patio... pois, como xa dixemos, debido á esta situación non se puido levar á cabo no mes de xuño, como estaba previsto e organizado noutros cursos anteriores.

No caso que a hora ou o día sinalado non sexa posible para asistir a dita entrevista as familias pódense poñer en contacto co centro para un posible cambio de data de entrevista por parte da titora. Considérase importante esta asistencia porque vai permitir neste curso o primeiro contacto tamén da nena ou do neno coa aula, a titora e o centro.

Nesta entrevista, a titora informará ás familias como se vai desenvolver o período de adaptación, as entradas e saídas do alumnado, merendas, normas, transporte, medidas aplicadas e concretadas no Plan Covid do centro seguindo o protocolo da Consellería....

- **Incorporación gradual e por quendas do alumnado. Calendario do período de adaptación**

O calendario elaborado no mes de xuño (que se achega ás familias) establece as quendas nas que o alumnado deberá vir ao centro durante todo o período de adaptación, que este curso vai dende o 10 ata o 30 de setembro sendo esta entrada gradual para favorecer o encontro e coñecemento de compañeiras e compañeiros pouco a pouco e para permitir a toma de contacto cos espazos, cos materiais, coas normas e co profesorado con tranquilidade e con posibilidade de interacción individual por seren menos número.

## Calendario do período de adaptación

mes	hora	luns	martes	mércores	xoves	venres
SETEMBRO	10-13				10 GRUPO 3	11 GRUPO 4
	10-13	14 GRUPO 1	15 GRUPO 2	16 GRUPO 3-4	17 GRUPO 1-2	18 GRUPO 3-1
	10-13	21 GRUPO 4-2	22 GRUPOS 1-4	23 GRUPOS 2-3	24 GRUPOS 1-3-4	25 GRUPOS 2-3-4
	10-13	28 GRUPOS 1-2-3	29 GRUPOS 1-4-2	30 GRUPOS 1-2-3-4	TODO O ALUMNADO A TEMPO COMPLETO	
OUTUBRO	9-14					

Este curso por mor das circunstancias excepcionais que nos acompañan, durante os días 10 e 11 de setembro farase a **acollida do alumnado de 4 e 5 anos de E.I.** (que se facía tamén en dúas fases no plan de acollida estándar, unha en xuño e outra en setembro) adaptando o horario de entrada e saída en pequenos grupos xa que levan moito tempo sen asistir ao centro escolar e é preciso que asimilen os cambios nos espazos, nas entradas e saídas para poder rutinizalos.

Dividido o alumnado en dous grupos de 12 e 13 alumnas e alumnos o día 10 un 1º grupo entrará no centro ás 9:15 ata as 11:50h e o 2º grupo entrará ás 12:30 ata as 14:00h.

O día 11, será o 2º grupo anterior quen faga a entrada ás 9:15 ata as 11:50 e o 1º grupo anterior fará a súa entrada de 12:30 ata as 14:00h.

Debido á crise orixinada pola COVID 19, hai cambios organizativos, que se reflicten no *Plan de adaptación á crise orixinada pola COVID 19 e que se enlazou na páxina web do centro*, e que en resumo son: cambian os puntos de entrada e saída do centro para o alumnado acompañado polas familias, sendo agora pola porta pequena do patio cuberto grande e tendo que esperar as familias fóra do centro tanto cando veñan traer como recoller á súa filla ou ao seu fillo.

O profesorado será o encargado de recibir a todo o alumnado e acompañalo á súa zona e fila correspondente nos patios cubertos. O alumnado de 3 anos ao chegar ao cole irá directamente á súa aula, acompañado do profesorado correspondente. O alumnado transportado será o primeiro en saír, e cando este se atope dentro do autobús correspondente o profesorado procederá a entregar ordenadamente por cursos ao alumnado recollido polas familias no centro na porta pequena do patio grande.

### **ANEXOIII: ESQUEMA- GUIÓN ACOLLIDAS 8/9 DE SETEMBRO DE 2020**

1. Recepción do alumnado no patio. Procurarase que entren espaciados, gardando a distancia e colocándose na súa liña como o farán todos os días.
2. Presentación. Vou ser a titora/o titor do grupo...
3. Saudar ás familias (unha soa persoa por nena ou neno para evitar aglomeracións). Agradecer que fixesen o esforzo de vir e solicitar a súa axuda (coas máscaras, con aprender desinfección de mans e dos útiles individuais, distancia, lembrar por onde van subir, baixar, estar no recreo, **merendas pequenas e autónomas**, non mochilas, material indispensable,...) para que todo vaia ben.
4. **Material** -pouco e que o poida traer o alumnado- para o primeiro día que imos precisar (lapis/boli co seu nome...). O resto do material remitirase listaxe por tokapp (este material vaino traer o alumnado, así que na casa llo iremos fraccionando...). Non mochilas (non hai espazo nas aulas). Díciémoslle se vai funcionar bus ou non o día 10 e recordamos a tarxeta.
5. **Precaucións:** se a nena ou o neno ten tose, diarrea ou febre non se mandará ao colexio, evitaremos contaxios e que se teña que pechar o centro.
6. O día 10, o alumnado entrará só. Se ven no bus xa o profesorado se encarga, se ven coas familias (despedida curta, gardar distancias, evitar aglomerarse) deixarano no portal .
7. Indicación de normas de subida, baixada e recreo.
8. Subimos ás aulas, imos asignando alumnado ás mesas e entra espaciado despois de desinfección de mans. Despedimos ás familias e que agarden xa no portal por fóra.
9. Algo dun par de minutos coas nenas e cos nenos: Preguntamos algo curtiño ou contamos algo curtiño e saímos coas normas claras.
10. Colócanse no patio de novo
11. Van con orde 1º bus/ 2º familias.